


# POETAS DA COLECCIÓN SALNES, AS



## VARIAS

### SINOPSIS

Coa celebración do seu 75 aniversario, Editorial Galaxia recupera o espírito innovador que demostrou nas súas publicacións dende 1950 traendo aos lectores e lectoras do século XXI moitas destas obras que supuxeron unha renovación do mundo cultural galego e, por extensión, tamén da súa sociedade. Esta colección conmemorativa ábrese co presente volume: As poetras da colección Salnés. En 1961 a editorial crea unha colección de poesía en lingua galega, a colección Salnés. Nela publicarán as poetras escolmadas pola profesora Patricia Arias Chachero, responsable tamén do limiar. Todas de procedencias e estilos moi variados, son, María do Carme Kruckenberg, que asina Carnaval de ouro en 1962; Pura Vázquez, en 1963 con A saudade i outros poemas; e María Manuela Couto Viana e Anne Marie Morris, dúas poetras alófonas, autoras de Fruta lonxana (1964) e Voz fuxitiva (1965), respectivamente. A elas cómpre sumar Xohana Torres, que se inclúe nesta antoloxía porque é a primeira muller en publicar en Galaxia e porque tivo intención de publicar en Salnés, malia non facelo. Cómpre ler os poemas desta escolma tendo moi presente o contexto en que foron pensados, escritos e publicados. Apareceron nunha sociedade fortemente patriarcal onde o discurso católico tradicional definía e condicionaba o sentir e o actuar das mulleres. Só así poderemos valorar a modernidade e importancia do seu traballo. Foron as primeiras, as que romperon barreiras e superaron prexuízos, as que abriron as portas para todas as que vimos detrás. Fixérono cravando a vista nos poucos referentes femininos de que dispuñan, con sororidade, apoiándose unhas nas outras....



<b>Editoriala</b>	EDITORIAL GALAXIA S.A.
<b>Gaia</b>	POESÍA
<b>Bilduma</b>	BIBLIOTECA 75 ANOS
<b>EAN</b>	9788411763813
<b>Baldintza</b>	Dispoñible
<b>Lotura</b>	Tapa blanda
<b>Orrialdeak</b>	120
<b>Neurria</b>	220x150x0 mm.
<b>Price (Tax inc.)</b>	18,50€
<b>Release date</b>	06/03/2025

### Related Titles

---